

REGULAMENTO ASEMBLEA XERAL

SECCIÓN 1ª. COMPOSICIÓN E COMPETENCIAS

Artigo 17º. Composición

A Asemblea Xeral é o órgano supremo do colexio, composta por todos/as colexiados/as con plenitude de dereitos.

Reunirase, como mínimo, unha vez ao ano en sesión ordinaria que deberá ter lugar durante o primeiro trimestre do ano.

Artigo 18º. Competencias

1. Son competencias exclusivas da Asemblea Xeral as seguintes:

- a) Exame e aprobación dos orzamentos e das contas do colexio.
- b) Aprobación da xestión do Pleno da Xunta de Goberno e do seu presidente/a.
- c) A elección do Pleno da Xunta de Goberno e do seu presidente e da súa remoción por medio da moción de censura, así como dos cargos vacantes por dimisión dalgún dos membros da Xunta de Goberno.
- d) Aprobación e reforma dos estatutos e das normas deontolóxicas do colexio.
- e) Nomear os membros de honra e conceder medallas, condecoracións ou outros distintivos honoríficos.
- f) Aqueles asuntos da súa competencia que, por iniciativa propia ou por petición dos/as colexiados/as, o Pleno da Xunta de Goberno acorde incluír na orde do día.
- g) Aprobar a disolución do colexio, e a aplicación do activo social.

2. A aprobación e modificación dos estatutos será comunicada á consellería competente na materia para os efectos da súa aprobación definitiva, logo da cualificación de legalidade.

SECCIÓN 2ª. RÉXIME DE SESIÓNS E FUNCIONAMENTO

Artigo 19º. Convocatoria e requisitos para a celebración das sesións

1. As sesións da Asemblea Xeral poden ser dous tipos:

- a) Ordinarias
- b) Extraordinarias.

2. Son sesións ordinarias aquelas cuxa periodicidade estea preestablecida.

3. Son sesións extraordinarias aquelas que con tal carácter convoque o/a presidente/a por iniciativa propia ou por petición dun número non inferior ao 10 por 100 dos/as colexiados/as que no momento da petición consten como membros de pleno dereito, extremos que serán debidamente acreditados mediante certificado expedido polo secretario. Tal solicitude deberá realizarse por escrito no cal se razoe o asunto ou asuntos que a motiven, asinado persoalmente por todos os/as que a subscriban.

4. Cando a convocatoria se realice a instancia dos/as colexiados/as, a celebración da sesión non poderá demorarse mais de corenta e cinco días naturais desde o seguinte ao da presentación da petición.

5. Todas as sesións da Asemblea Xeral serán convocadas polo/a presidente/a, previo acordo do Pleno da Xunta de Goberno. A convocatoria das sesións extraordinarias deberá ser motivada.

6. Entre a convocatoria e a celebración da sesión ordinaria ou extraordinaria non poderán transcorrer mais de trinta días naturais. Este prazo poderá reducirse a oito días naturais cando, o Pleno da Xunta de Goberno, aprecie razóns de urxencia debidamente xustificadas na convocatoria.

7. Á convocatoria das sesións xuntarase a orde do día, comprensiva dos asuntos a tratar co suficiente detalle, e os borradores das actas anteriores que deban ser aprobadas na sesión.

8. A convocatoria para unha sesión ordinaria ou extraordinaria dará lugar a apertura do correspondente expediente, no que conste, en todo caso, a relación de expedientes concluídos, certificado do acordo da convocatoria con expresión da orde do día, copia que acredite o cumprimento do requisito de notificación, e minuta da acta.

Toda a documentación dos asuntos incluídos na orde do día que debe servir de base ó debate e, no seu caso, á votación, deberá estar a disposición dos/as colexiados/as desde o mesmo día da convocatoria na Secretaría do Colexio. Calquera membro do Colexio poderá, en consecuencia, examinala, e incluso obter copia dos documentos que a integren, pero os orixinais non poderán saír no lugar no que se atopen postos de manifesto.

9. Na orde do día das sesións ordinarias incluírase sempre un punto de rogos e preguntas.

10. Por razóns de urxencia debidamente motivadas, a Asemblea Xeral, ca presenza da totalidade dos seus membros de dereito, poderá por maioría incluír algún asunto na orde do día antes do punto de rogos e preguntas. Non obstante, poderán formularse propostas de inclusión de puntos na orde do día ata un mes antes da data de notificación da convocatoria, que deberán ir asinadas por un mínimo do 10 por 100 do censo dos membros do Colexio, procedendo, neste caso, a súa inclusión automática.

11. Serán nulos os acordos adoptados en sesións ordinarias e extraordinarias sobre asuntos non incluídos na orde do día, salvo especial e previa declaración da urxencia nos termos indicados no punto anterior.

12. As Asemblea Xerais quedarán constituídas en primeira convocatoria sempre que asistan polo menos o 50 por 100 dos/as colexiados/as de pleno dereito e en segunda media hora despois cos/cas membros presentes. En todo caso requírese a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Artigo 20º. Dos debates

1. As sesións ordinarias iniciaranse preguntando o/a Presidente/a se algún colexiado/a presente ten que formular algunha observación á acta ou actas da sesión ou sesións anteriores que se distribuíran na convocatoria. Se non hai obxeccións considerarase aprobada. Si se formularan, debateranse e decidiranse as modificacións que procedan. En ningún caso poderá modificarse o fondo dos acordos adoptados e só caberán os meros erros materiais ou de feito.

2. Debateranse tódolos asuntos e votaranse pola orde en que estean relacionados na orde do día.

3. Durante o debate, calquera colexiado/a poderá pedir a retirada dalgún expediente incluído na orde do día, para que se incorporen ó mesmo os antecedentes e informes que se xulguen oportunos. Tamén poderá solicitarse que o asunto quede sobre a mesa, para súa discusión na seguinte sesión. A retirada ou aprazamento do asunto deberá someterse a votación, prosperando se acada os votos que representen a maioría simple.

4. Os debates que se promovan serán ordenados pola/a Presidente/a en base ós principios de liberdade e respecto conforme as seguintes regras:

a) Só poderá facerse uso da palabra previa autorización do/a Presidente/a.

b) O debate iniciárase cunha xustificación e explicación da proposta, a cargo dalgún/ha colexiado/a ou membro dos órganos de goberno do Colexio que a subscriba.

c) A continuación consumirase polos/as colexiados/as presentes unha primeira quenda de intervencións. O/a Presidente/a velará para que tódalas intervencións teñan unha duración igual.

d) Quen se considere aludido por unha intervención poderá solicitar do/a Presidente/a que se conceda unha quenda por alusións, que será breve e concisa.

e) O/a Presidente/a poderá abrir, se así o estima oportuno, unha segunda rolda de intervencións.

Consumida esta, dará por rematada a discusión, que se pechará cunha intervención do poñente na que brevemente ratificará ou modificará a súa proposta.

5. Os/as colexiados/as poderán, en calquera momento do debate, pedir a palabra para plantexar unha cuestión de orde, invocando ó efecto a norma cuxa aplicación reclama. O/a Presidente/a resolverá o que proceda sen que por este motivo se entable debate algún.

6.No suposto en que por parte de algún/ha colexiado/a se incorra en calquera dos motivos de abstención recollidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro ou na lexislación vixente, deberá absterse de participar na deliberación e votación.

7.No punto da orde do día de rogos e preguntas, terá carácter de rogo a formulación dunha proposta de actuación dirixida ós órganos de goberno. Os rogos formulados poderán ser debatidos, pero en ningún caso sometidos a votación. As preguntas serán aquelas cuestións plantexadas ós órganos de goberno no seo da Asemblea Xeral, debendo contestarse oralmente na mesma sesión, ou por escrito, cando non se dispoña dos antecedentes que permitan realizala.

8. No suposto de que un colexiado/a durante a celebración do debate non respecte as normas de comportamento axeitadas para o transcorrer pacífico e tranquilo da asemblea, contempladas nos artigos 3 e 17 do Código Deontolóxico poderá ser chamado ao orde polo presidente/a. No caso de que o colexiado/a sexa chamado á orde durante o transcurso da asemblea nun número de tres veces poderá o presidente/a pedir que o colexiado/o abandone o lugar de celebración da asemblea. No caso de que o colexiado/a se negara a abandonar o lugar poderá ser desaloxado polas forzas de seguridade.

O comportamentos anteriores que se encadren dentro da tipificación das infraccións recollidas no artigo 73 dos estatutos conlevarán a sanción correspondente regulada no artigo 75 do devandito texto

Artigo 21º.Das votacións

1.Finalizado o debate dun asunto, procederase á súa votación. Tódolos/as colexiados/as terán dereito a un voto.

2.Antes de encozear a votación o/a Presidente/a plantexará clara e concisamente os termos da mesma, e a forma de emitilo voto.

3.Unha vez iniciada a votación, non pode interromperse por ningún motivo. Durante o desenvolvemento da votación ningún/ha colexiado/a poderá entrar no salón ou abandonalo.

4.Rematada a votación, o/a Presidente/a declarará o acordado.

5.Os órganos do Colexio adoptarán os seus acordos, como regra xeral, por maioría simple dos membros presentes. Existe maioría simple cando os votos afirmativos son mais que os negativos.

6.Entenderase por maioría absoluta cando os votos afirmativos son mais da metade do número legal de membros do Colexio.

7.O voto dos/as colexiados/as é persoal e indelegábel.

8.O voto poderá emitirse en sentido afirmativo ou negativo, podendo os/as colexiados/as absterse de votar.

9.En caso de votacións con resultado de empate, efectuarase unha nova votación, e se persistira o empate, decidirá o voto de calidade do/a Presidente/a.

10.As votacións poden ser ordinarias, nominais ou secretas.

Son ordinarias as que se manifestan con signos convencionais de asentimento, dissentimento ou abstención. Este será o sistema normal de votación.

Son nominais aquelas votacións que se realizan mediante chamamento por orde alfabético de apelidos e nome e sempre en último lugar o/a Presidente/a, e no que cada membro do Colexio ó ser chamado, responderá en voz alta “si”, “non” ou “abstéñome”. Este procedemento requirirá algunha solicitude de algún/ha colexiado/a e a súa aprobación pola Asemblea Xeral por maioría simple en votación ordinaria.

Son secretas as que se realizan por papeletas que cada colexiado/a vai depositando nunha furna ou bolsa. Só poderá utilizarse para a elección ou destitución de persoas ou para asuntos que afecten a súa intimidade.

11.Os acordos son inmediatamente executivos e obrigan a tódolos/as colexiados/as.

Artigo 22º. Das actas

1.De cada sesión o/a Secretario/a estenderá acta na que constarán os seguintes extremos:

- a)Lugar da reunión, con expresión do nome e local na que se celebre.
- b)Día mes e ano.
- c)Nome e apelidos do/a Presidente/a , dos/as colexiados/as presentes, dos ausentes que se escusaran e dos que falten sen excusa. A estes efectos cando a sesión sexa dunha Asemblea Xeral os asistentes antes do seu inicio formarán relación nominal asinada facendo constar a súa presenza.
- d)Carácter ordinario ou extraordinario da sesión e se esta se celebra en primeira ou segunda convocatoria.
- e)Asistencia do/a Secretario/a.
- f)Orde do día, opinións sintetizadas dos/as colexiados/as que interveñan na deliberación e incidencias desta.
- g)Votacións que se verifiquen. Nas votacións ordinarias farase constar o número de votos afirmativos, dos negativos e das abstencións.
- h)Parte dispositiva dos acordos que se adopten.
- i)Hora en que o/a Presidente/a levante a sesión.
- j)Incluírase nas actas as propostas de modificación da orde do día que se presenten o principio de cada sesión, previa lectura e votación das mesmas, así como os acordos adoptados respecto a estas.

2.De non celebrarse a sesión por calquera circunstancia, o/a Secretario/a suplirá a acta cunha dilixencia autorizada coa súa sinatura, na que faga constar a causa e nome dos concorrentes e dos/as que escusaran a súa asistencia.

3.A acta, unha vez aprobada pola Asemblea Xeral, transcribírase no Libro de Actas, autorizándose coa sinatura do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.